



Project Young Farmers: de Galicia a Irlanda, un intercambio de experiencias

O pasado mes de marzo un grupo de estudantes do Ciclo Superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal de EFA Fonteboa viaxou a Irlanda grazas ao Programa Erasmus+ K103. Durante a súa estadía, ademais do idioma e da cultura do país, puideron coñecer de preto un sistema de produción de leite diferente ao galego, unha vivencia que cualifican de “moi positiva” cara ao seu futuro profesional no sector.

Alumnado do Ciclo Formativo de Grao Superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal (GASA)
Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa (Coristanco, A Coruña)

ÁMBITO ERASMUS+PROXECTOS EUROPEOS

A Federación de Escolas Familiares Agrarias levamos realizando estancias profesionais en varios países da UE dende hai 25 anos. Actualmente, grazas aos programas Erasmus+ (K103-Mobidade para a aprendizaxe práctica no estranxeiro), o alumnado do Ciclo Superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal

(CFGS GASA) realizou unha estadía profesional en convivencia con diversas familias en Irlanda durante 60 días (marzo e abril de 2018) en empresas agrogandeiras dos condados de Cork e Westmeath, onde melloraron as súas competencias lingüísticas, sociais e profesionais.

As actividades realizadas durante estes dous meses están no ámbito profesional de ganderías e de empresas agroalimentarias irlandesas, onde realizaron o traballo e as tarefas adecuadas a cada posto. Tamén se levaron a cabo actividades culturais e visitas a cidades, acompañados das familias de acollida, o que lles permitiu coñecer este territorio, eminentemente agrario.

ÁMBITO PRODUTIVO IRLANDÉS

Irlanda está entre os produtores de leite con menores custos de produción na UE, xa que as vacas irlandesas só consomen herba. Con preto de 18.000 produtores e con máis dun millón de vacas leiteiras, calcúlase que se aproximan aos 3.750 millóns de litros de produción ao ano.

O alumnado estivo en granxas leiteiras centradas na rexión sur de Irlanda e a maioría concentrouse en granxas leiteiras do condado de Cork. Estas explotacións producen leite a base de pastoreo, sen comprar apenas concentrados nin forraxes, uns sistemas de baixos custos que lles permitían sobrevivir nun espazo de prezos baixos.


Outra característica que cómpre salientar nas granxas era que realizaban concentración de partos durante os meses de febreiro a abril; esta forma de manexo condiciona a estacionalidade da produción de leite, os prezos, a necesidade de man de obra etc., unha forma diferente ao que estamos afeitos en Galicia.

ÁMBITO FAMILIAR

Durante as oito semanas de estancia en Irlanda, os alumnos e alumnas conviviron con familias gandeiras, na súa maioría matrimonios con tres ou catro fillos que vivían na contorna da explotación. Na maior parte dos casos era o marido o que asumía as tarefas de muxido, alimentación e coidado xeral das praderías, mentres que a muller traballaba a media xornada noutra tarefa non agraria e levaba o peso do coidado da familia.

EXPERIENCIAS PERSOAIS

Algúns dos alumnos e alumnas do centro que viviron este programa en primeira persoa cóntannos parte da súa experiencia:



SANTIAGO CAO

"Na miña opinión é unha granxa modelo, xa que tiña as cousas moi ben pensadas no sentido de que os pastos os tiña nun programa informático que calculaba a necesidade de fertilizante en función da altura da herba."


Santiago Cao (19 anos) é natural de Oza (Cesuras), con explotación propia de vacún de leite. Estívose formando nunha gandería no condado de Cork, na cal contaban con 130 vacas, das que 100 se atopaban en produción; a gandería dispoñía de 150 hectáreas dedicadas ao pastoreo do gando.



ADRIÁN FERROL

"Chamoume a atención o feito de que deixasen un pouco de lado as instalacións e se dedicasen ao pastoreo. Era un gran sistema, xa que se centraban no benestar animal e na súa comodidade na granxa; é un sistema que me gustaría que nun futuro se implantase aquí, en Galicia."

Adrián Ferrol (20 anos) posúe unha pequena explotación leiteira no concello coruñés de Santa Comba. Pasou os 2 meses nunha explotación de 140 vacas, 120 en produción, cunha extensión de 120 hectáreas dedicadas ao pastoreo.



SHEILA PÉREZ

"O que máis me chamou a atención foi o grande amor do meu responsable cara ás vacas, a paixón polo seu traballo de gandeiro e o orgullo que estaba de dedicar a súa vida a esta profesión."


O proxecto profesional de Sheila Pérez (18 anos) está orientado cara á produción caprina na comarca coruñesa das Pontes de García Rodríguez. Realizou a súa estadia en Anne Keohane's Farm, no condado de Cork, no sur de Irlanda. Na súa alternancia estivo a traballar nunha explotación de vacún de leite con 90 vacas, das cales 65 se atopaban en produción e 46 hectáreas de pastoreo.



ROBERTO VILLANUEVA

"A experiencia servíume para aprender a traballar cun gran volume de animais e a realizar traballos de podoloxía, así como para observar un sistema de venda de carne distinto do que temos aquí."

Roberto Villanueva (21 anos) quere continuar coa explotación familiar de vacún de carne en Rodeiro (Pontevedra). Realizou a súa estancia nunha explotación mixta de vacún e ovino para a produción cárnica. Contaban con 1.000 ovellas e 100 vacas nunha extensión de 120 hectáreas situadas no condado de Longford.



DAVID NÚÑEZ

"Foi unha experiencia moi enriquecedora dende o punto de vista profesional. Como dato principal destacaría a influencia do sector na economía e na contorna do país, así como a imaxe do propio gandeiro ante a sociedade."

David Núñez (19 anos) nun futuro quere ter a súa propia explotación na comarca de Bergantiños. Pasou a súa alternancia nunha explotación no condado de Cork, a cal tiña 225 animais, dos que 72 eran vacas en produción, e un territorio de 220 hectáreas para o pastoreo deses animais.



MARÍA LÓPEZ

"Resultoume interesante o método de reprodución que seguían, xa que, dependendo da produción de leite do animal, se inseminaba con vacún de produción cárnica ou láctica."

Para María López (19 anos) a súa paixón é o mundo equino, pero primeiro quere estudar Veterinaria. Estivo dous meses na gandería Meade's Farm, preto de Mitchelstown, no condado de Limerick. Esta explotación ten 260 cabezas, das que 140 eran vacas en produción e cunha base territorial de 116 hectáreas.



ALEJANDRO GARCÍA

"Na miña opinión, teñen un sistema de organización e repartición de tarefas moi ben estruturado, o que permite que durante todo o ano unha persoa se manteña traballando a tempo completo."

Alejandro García (18 anos) conta cunha explotación familiar de vacún leiteiro. Durante o período de estancia en Irlanda traballou na explotación John Angland's Dairy Farm, que tiña 160 vacas (80 delas en produción) e posuían unha base territorial de 80 hectáreas.

CONCLUSIÓN

En xeral, todos os alumnos e as alumnas destacan que foi unha grande experiencia tanto no ámbito laboral coma no social, xa que tiveron que aprender un sistema de produción diferente e un idioma distinto, así como a convivir cunha familia cunha cultura coa que non estaban habituada. ■

AgroBank

**Asesoramento
e servizo para
o sector agrario**

